Outra visita especial recibida na sede de Sogama foi a dunha vintena de policías locais que participaban nun curso de formación sobre vertidos e residuos promovido pola Academia Galega de Seguridade Pública (A Estrada).

Todos os visitantes poideron cumprimentar as enquisas on line. A través delas trasladaron as súas opinións e valoracións sobre a actividade da Sociedade e puxeron a proba os coñecementos adquiridos.



O grupo de axentes percorreu as instalacións

SUBIR

Entrevistamos a...
Antonio Rivera López
Director del Centro Penitenciario de Monterroso

Mª José Cao e Mª José Castro
Responsables da Aula de Educación Medioambiental "Gaia" (Burela)

Mundo Sogama
Remata a segunda edición da campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Actualidade
Preto de 700 composteiros máis na provincia de Lugo

Aumentan un 150 por cento os materiais enviados a reciclaxe

Case o 85% das visitas apoian o traballo da Sociedade polo medio ambiente

A CEL promove a formación ambiental entre os profesionais lucenses

Curso da UIMP sobre a xestión eficiente dos residuos

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade




O convenio terá unha duración dun ano

## A CEL promove a formación ambiental entre os profesionais lucenses

### As actuacións estenderanse ata a primavera de 2015

Sogama e a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) asinaron un acordo de colaboración para levar a cabo un programa de formación ambiental que se dirixirá a traballadores, desempregados, empresarios, autónomos e emprendedores, toda vez que estes constitúen o alicerce sobre o que se asenta o verdadeiro desenvolvemento sostible.

O acto de firma tivo lugar o 21 de maio na sede central da CEL, coa representación de Luis Lamas, presidente de Sogama, e Jesús Quintá, conselleiro delegado da organización empresarial lucense.

Dado o importante xacemento de emprego que representa o medio ambiente, as temáticas sobre as que pivotará o itinerario formativo estarán vinculadas de forma prioritaria ao emprendemento verde, o I+D+i ambiental, ao ecodeseño e as experiencias prácticas de pemes de xestión medioambiental.

O convenio terá unha duración dun ano, usando a infraestrutura da CEL, tanto instalacións como medios, como principal soporte para a impartición de cursos, seminarios e xornadas.

SUBIR

**Entrevistamos a...**

**Antonio Rivera López**
Director del Centro Penitenciario de Monterroso

**Mª José Cao e Mª José Castro**
Responsables da Aula de Educación Medioambiental "Gaia" (Burela)

**Mundo Sogama**

Remata a segunda edición da campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor"

**Actualidade**

Preto de 700 composteiros máis na provincia de Lugo

Aumentan un 150 por cento os materiais enviados a reciclaxe

Case o 85% das visitas apoian o traballo da Sociedade polo medio ambiente

Veciños de 34 concellos adheridos á autocompostaxe coñecen o complexo industrial

Curso da UIMP sobre a xestión eficiente dos residuos

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade

## Sogama organiza un curso da UIMP sobre a xestión eficiente dos residuos

### O programa distribúese en sete relatorios e tres mesas redondas nas que participaron expertos e profesionais de alto nivel


Galicia
UIMP Universidad Internacional Menéndez Pelayo

Código 62ET
ENCUENTRO:
GESTIÓN DE LOS RESIDUOS:
MARCO SOCIOECONÓMICO Y AMBIENTAL
Santiago de Compostela, del 8 al 10 de Julio de 2014

Director: Luis Lamas Novo
Presidente de la Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA)
Secretaria: Mª Esther Campos Mosquera
Responsable de Comunicación de SOGAMA

SOGAMA Sociedade Galega do Medio Ambiente
Deputación DA CORUÑA

Sogama organizou do 8 ao 10 de xullo un curso promovido pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP) sobre o marco socioeconómico e ambiental de referencia na xestión xerarquizada dos refugallos. O obxectivo foi dar a coñecer o papel que desempeña neste contexto o principio comunitario dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), toda vez que se concibe como soporte legal e de obrigado cumprimento para calquera modelo de xestión.

Neste sentido, todas as temáticas abordadas se centraron na análise dos pasos a seguir para que a recuperación efectiva do lixo sexa unha realidade, permitindo diminuír a cantidade de desperdicios que deben ser sometidos a tratamento finalista e polos que os concellos deben pagar.

O programa distribuiuse en sete relatorios e tres mesas redondas nas que participaron expertos e profesionais do sector de alto nivel como o propio presidente de Sogama, Luís Lamas; representantes da Fundación Finnovaregio, localizada en Bruxelas; do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente; da Consellería de Medio Ambiente, da Universidade da Coruña, ou das empresas Ecoembes e Ecovidrio; Aporta Comunicación r Valora Consultores.

O evento tivo lugar na sede do Colexio de Avogados de Compostela. Algúns dos asistentes foron becados por Sogama e a Deputación Provincial da Coruña.

SUBIR

Entrevistamos a...
Antonio Rivera López
Director del Centro Penitenciario de Monterroso

Mª José Cao e Mª José Castro
Responsables da Aula de Educación Medioambiental "Gaia" (Burela)

Mundo Sogama
Remata a segunda edición da campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Actualidade
Preto de 700 composteiros máis na provincia de Lugo

Aumentan un 150 por cento os materiais enviados a reciclaxe

Case o 85% das visitas apoian o traballo da Sociedade polo medio ambiente

Veciños de 34 concellos adheridos á autocompostaxe coñecen o complexo industrial

A CEL promove a formación ambiental entre os profesionais lucenses

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Multimedia



## Planeta Verde (10º capítulo): O ciclo do lixo

O lixo non desaparece por si só dos contedores pola noite! Como no Espazo non hai contedores verdes, azuis nin amarelos, os Trebón descobren que detrás de cada un hai unha gran engranaxe que funciona a diario para xestionar os residuos en plantas como as de Sogama ou noutras especiais para reciclalos para darlle unha segunda vida.

Mira o vídeo para compartir esta aventura cos Trebón!

Ver vídeo...

## A comunidade escolar valora a utilidade didáctica do "Caderno Verde"

"Caderno Verde" (www.cadernoverde.com) xa ten un oco na educación ambiental dos escolares galegos. A plataforma de formación on line, promovida por Sogama a finais do 2012, goza dunha excelente acollida por parte dos colexios e familias ao lograr incluír o medio ambiente, de forma transversal, nas distintas disciplinas do currículum académico do ensino infantil e primario.

As fichas didácticas protoganizadas polos "Amigos de Vilaverde" e vinculadas ás diferentes materias (matemáticas, lingua castelá, galega e inglesa, coñecemento do medio e educación artística), así como os videocontos da sección de "Planeta Verde" que narran as aventuras da familia extraterreste dos Trebón, constitúen os recursos didácticos utilizados para reforzar a formación ambiental dos pequenos.




As actualizacións dos contidos de Caderno Verde realízanse cada quincena do curso académico, dando conta das mesmas aos colexios cos que Sogama interactúa de forma permanente nun exercicio de intercambio de información e opinións.

**Repaso estival**

Todo o material aloxado na web www.cadernoverde.com seguirá dispoñible nos meses de verán por se os nenos queren darlle un repaso!

Web do Caderno Verde

SUBIR

**Entrevistamos a...**

**Antonio Rivera López**
Director del Centro Penitenciario de Monterroso

**Mª José Cao e Mª José Castro**
Responsables da Aula de Educación Medioambiental "Gaia" (Burela)

**Mundo Sogama**

Remata a segunda edición da campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor"

**Actualidade**

Preto de 700 composteiros máis na provincia de Lugo

Aumentan un 150 por cento os materiais enviados a reciclaxe

Case o 85% das visitas apoian o traballo da Sociedade polo medio ambiente

Veciños de 34 concellos adheridos á autocompostaxe coñecen o complexo industrial

A CEL promove a formación ambiental entre os profesionais lucenses

Curso da UIMP sobre a xestión eficiente dos residuos

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Multimedia

## Concurso “A miña mellor foto ambiental do verán 2014”




Sogama invita aos cidadáns de Galicia a compartir a súa mellor foto ambiental deste verán. A empresa pública lanzou un concurso aberto en base ao que calquera veciño de Galicia (maior de 18 anos) pode remitir en soporte dixital a súa instantánea ambiental máis destacable. Na mesma debe aparece unha paraxe natural ou motivo ecolóxico vinculado á nosa comunidade.

As candidaturas poden presentarse a través da conta de correo electrónico cmc@sogama.es entre o 1 e o 30 de setembro de 2014.

Todos os participantes concorrerán no sorteo dun curso de kitesurf para dúas persoas (incluíndo o correspondente xantar), que se impartirá na localidade lucense de Barreiros por parte dunha empresa especializada na materia.

Con esta promoción, Sogama pretende contribuír a xerar conciencia sobre a necesidade de protexer e conservar o prezado patrimonio natural, principal sinal de identidade da nosa terra.

SUBIR


### Entrevistamos a...

**Antonio Rivera López**
Director del Centro Penitenciario de Monterroso

**Mª José Cao e Mª José Castro**
Responsables da Aula de Educación Medioambiental “Gaia” (Burela)

### Mundo Sogama

Remata a segunda edición da campaña “Separemos ben, reciclaremos mellor”

### Actualidade

Preto de 700 composteiros máis na provincia de Lugo

Aumentan un 150 por cento os materiais enviados a reciclaxe

Case o 85% das visitas apoian o traballo da Sociedade polo medio ambiente

Veciños de 34 concellos adheridos á autocompostaxe coñecen o complexo industrial

A CEL promove a formación ambiental entre os profesionais lucenses

Curso da UIMP sobre a xestión eficiente dos residuos

### Eventos

### Receitario

Volver á páxina de inicio




© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Eventos




## Eventos que non podemos esquecer na nosa axenda verde

### Día da Terra

O pasado Día da Terra (22 de abril) dedicouse ás cidades verdes coa pretensión de que estas sexan saudables e sostibles. Segundo datos da Organización das Nacións Unidas, máis da metade da poboación mundial habita en grandes cidades e, a medida que estas crecen, empeoran os efectos do cambio climático e aumentan os riscos de desastres.

Por iso, máis que nunca, é preciso formular un cambio de modelo de desenvolvemento que aposte pola sostibilidade. É o que veu a denominarse como Cidades Intelixentes ou "Smart Cities", é dicir, aquelas nas que cobran protagonismo as enerxías renovables, a eficiencia nos edificios e o transporte sostible.

Tamén os cidadáns de a pé podemos contribuír a causa con pequenos xestos do día a día. Son a correcta xestión dos residuos, o uso do transporte público ou o consumo responsable.

### Día Internacional da Diversidade Biolóxica

Cada 22 de maio conmemórase o Día Internacional da Diversidade Biolóxica, unha data coa que se contribúe a crear conciencia sobre a necesidade de protexer os produtos que nos dá a natureza para garantir a subministración de alimentos, medicamentos e enerxía.

A temática deste ano centrouse na "Diversidade Biolóxica das Illas", nas que se aglutinan moitas especies vexetais e animais endémicas que resultan esenciais para a subsistencia dos 600 millóns de persoas que habitan nestes paraxes (a décima parte da poboación mundial).

### Día dos Océanos

Aparte dunha efeméride marcada no calendario, moitas entidades aproveitan o Día dos Océanos para sensibilizar á poboación sobre a necesidade de coidar o mar e de que tomen conciencia da problemática que representan os residuos para a biodiversidade. Con este motivo, o Centro de Educación Medioambiental de Burela, Gaia, dependente do propio concello, organizou varias actividades durante todo o mes de xuño. En concreto, labores de limpeza da praia O Portelo, en colaboración da Asociación Camiña e a Fundación Eu Son. Así mesmo, a Delegación de Medio Ambiente do concello de Burela e a Cofradía de Pescadores convocaron o II Certame de Relato Curto para o alumnado de primaria.

SUBIR


## Entrevistamos a...

**Antonio Rivera López**
Director del Centro Penitenciario de Monterroso

**Mª José Cao e Mª José Castro**
Responsables da Aula de Educación Medioambiental "Gaia" (Burela)

## Mundo Sogama

Remata a segunda edición da campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor"

## Actualidade

Preto de 700 composteiros máis na provincia de Lugo

Aumentan un 150 por cento os materiais enviados a reciclaxe

Case o 85% das visitas apoian o traballo da Sociedade polo medio ambiente

Veciños de 34 concellos adheridos á autocompostaxe coñecen o complexo industrial

A CEL promove a formación ambiental entre os profesionais lucenses

Curso da UIMP sobre a xestión eficiente dos residuos

## Multimedia

## Receitario


Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Eventos



## Máis de tres centos de participantes na carreira popular de Barreiros

A Carreira Popular das Praias 2014, celebrada o 17 de maio na localidade de Barreiros (Lugo), e que contou coa colaboración de Sogama, saldouse coa participación de máis de 300 corredores de todas as idades que quixeron poñer a proba a súa resistencia e capacidade física. Os afeccionados puideron gozar da xornada e da marabillosa contorna natural, cuxa beleza foi reforzada co sol que reinou todo o día e a excelente temperatura.

Sogama entregou aos corredores diverso material divulgativo e promocional, recoñecendo desta forma o seu interese e participación nunha xornada cuxa pretensión era chamar a atención sobre a necesidade de protexer a biodiversidade costeira e marítima da nosa comunidade.

## O medio ambiente como nicho de emprego

Baixo o título "Medio Ambiente e Emprego", Sogama e a Fundación Campus Lugo, no marco dun acordo de colaboración entre ambas as dúas entidades, mostraron aos estudantes universitarios da Escola de Relacións Laborais as posibilidades que o medio ambiente ofrece para a creación de postos de traballo.

Na xornada participaron empresas galegas punteiras no sector do medio ambiente como Hifas da Terra, unha firma de ecoinnovación; Alibós, referente na comercialización de castaña ecolóxica; Aporta Comunicación, representativa do emprendemento no ámbito da sostibilidade vinculada á comunicación e ao márketing; ou Valora Consultores, firma de referencia no sector.

## Debate sobre ecoinnovación en Galicia



O ciclo de xornadas tivo lugar en Santiago de Compostela

O diario Economía Digital Galicia, especializado en información económica, organizou o pasado 10 de xuño, coa colaboración de Sogama, un ciclo de xornadas baixo o título "Galicia e a Economía Sostible: Aforro na Xestión de Residuos Urbanos". A través dos diferentes relatorios, indagouse nos pormenores da xestión e tratamento dos refugallos municipais na nosa comunidade, poñendo de relevo as medidas encamiñadas cara a sostibilidade e a diminución de custos para os concellos.

Na cita inaugural das xornadas estiveron presentes dous proxectos de referencia en Europa. O programa transfronteirizo Eneco 2, que desenvolve ferramentas de ecoinnovación enfocadas á empresa; e a Fundación Finnovaregio, con sede en Bruxelas, que levou ás institucións europeas temas clave para camiñar cara as cidades sostibles, como o emprego das TIC, a xestión da auga ou o tratamento de residuos.

SUBIR

Entrevistamos a...
Antonio Rivera López
Director del Centro Penitenciario de Monterroso

Mª José Cao e Mª José Castro
Responsables da Aula de Educación Medioambiental "Gaia" (Burela)

Mundo Sogama
Remata a segunda edición da campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Actualidade
Preto de 700 composteiros máis na provincia de Lugo

Aumentan un 150 por cento os materiais enviados a reciclaxe

Case o 85% das visitas apoian o traballo da Sociedade polo medio ambiente

Veciños de 34 concellos adheridos á autocompostaxe coñecen o complexo industrial

A CEL promove a formación ambiental entre os profesionais lucenses

Curso da UIMP sobre a xestión eficiente dos residuos

Multimedia

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Eventos

## Fin de curso para Ecovoz e Voz Natura



Participantes de Ecovoz no parque acuático de Cerceda

Como xa é habitual, o parque acuático de Cerceda acolleu a festa de despedida do concurso ambiental Ecovoz o pasado 13 de xuño. Ata alí trasladáronse os alumnos de 6º curso de primaria dos 16 centros que participaron na edición deste ano e que dou comezo o pasado xaneiro. Ademais dunha xornada moi divertida, os gañadores das distintas seccións do programa recibiron os premios de man das autoridades presentes. Unha das novidades da edición deste ano foi a incorporación das principais noticias de educación ambiental de Sogama así como un apartado específico de consellos e recomendacións en materia ambiental.

### Acea de Ama

Outra das festas de fin de curso na que participou Sogama foi a do XVII Voz Natura. Nesta edición do programa de educación ambiental que impulsa a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre presentáronse máis de 300 proxectos de ensino infantil, primario e secundario orientados á preservación do contorno natural. Ata o parque deportivo Acea de Ama en O Burgo-Culleredo (A Coruña) tamén se trasladaron os monitores da campaña educativa "Separemos ben, reciclaremos mellor".

No curso académico 2014-2015, Voz Natura orientarase cara a creación de hortas ecolóxicas baixo o lema "Sementa ideas, recolle o teu futuro".

## Medio centenar de empresarios infórmanse sobre xestión de residuos na CEL

Como parte do seu convenio de colaboración, Sogama e a CEL promoveron, o pasado 25 de xuño, unha xornada orientada cara a mellor xestión dos residuos do sector empresarial. Á mesma asistiron máis de 50 socios da Confederación de Empresarios de Lugo.



Os asistentes intercambiaron experiencias cos relatores ao finalizar o evento

Entre os relatores estiveron o xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente en Lugo, Carlos Vilae o Xerente de Sogarisa (Sociedade Galega de Residuos Industriales), Rafael Rodríguez, que proporcionaron todas as explicacións vinculadas ás súas respectivas áreas de traballo. Os moderadores foron os presidentes de Sogama e e o secretario da CEL.

SUBIR


## Entrevistamos a...

**Antonio Rivera López**
Director del Centro Penitenciario de Monterroso

**Mª José Cao e Mª José Castro**
Responsables da Aula de Educación Medioambiental "Gaia" (Burela)

## Mundo Sogama

Remata a segunda edición da campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor"

## Actualidade

Preto de 700 composteiros máis na provincia de Lugo

Aumentan un 150 por cento os materiais enviados a reciclaxe

Case o 85% das visitas apoian o traballo da Sociedade polo medio ambiente

Veciños de 34 concellos adheridos á autocompostaxe coñecen o complexo industrial

A CEL promove a formación ambiental entre os profesionais lucenses

Curso da UIMP sobre a xestión eficiente dos residuos

## Multimedia

## Receitario

Volver á páxina de inicio




© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Eventos

## As envasadoras galegas coñecen as vantaxes do ecodeseño para optimizar materiais




**A xornada organizada por Ecoembes tivo lugar nas instalacions de Sogama**

Empresas envasadoras galegas asistiron o pasado 26 de xuño á xornada de prevención de residuos de envases organizada por Ecoembes, o Sistema Integrado de Xestión de envases lixeiros e papel/cartón, na sede de Sogama. O obxectivo da formación era que o sector coñecese de primeira man o funcionamento da planta de clasificación da Sociedade Galega do Medio Ambiente e tomasen nota da importancia que ten fabricar envases máis sostibles e doadamente reciclables.

Tras explicar a importancia de aplicar un deseño industrial sostible a través do Proxecto "Deseña para reciclar", os asistentes realizaron unha visita guiada á planta de selección de Sogama. Aí viron como os envases se separan por tipoloxías de forma automatizada para remitilos a continuación aos correspondentes centros de reciclado.

### Aplicación do ecodeseño

Entre as medidas do ecodeseño atópanse, por exemplo, a diminución da gramaxe e da densidade das caixas de cartón; o aumento do produto sen modificar a capacidade do envase, o uso de materias primas procedentes de fontes renovables (plástico de orixe vexetal) ou de envases con certificado de xestión sostible FSC, a eliminación de tintas ou de superficies impresas, a eliminación de asas, solapas das caixas e altura dos tapóns, a venda de produtos desmontados e apilados, o uso de envases e embalaxes modulares e a aposta por materiais compatibles co reciclado.

SUBIR


## Entrevistamos a...

**Antonio Rivera López**
Director del Centro Penitenciario de Monterroso

**Mª José Cao e Mª José Castro**
Responsables da Aula de Educación Medioambiental "Gaia" (Burela)

## Mundo Sogama

Remata a segunda edición da campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor"

## Actualidade

Preto de 700 composteiros máis na provincia de Lugo

Aumentan un 150 por cento os materiais enviados a reciclaxe

Case o 85% das visitas apoian o traballo da Sociedade polo medio ambiente

Veciños de 34 concellos adheridos á autocompostaxe coñecen o complexo industrial

A CEL promove a formación ambiental entre os profesionais lucenses

Curso da UIMP sobre a xestión eficiente dos residuos

## Multimedia

## Receitario

Volver á páxina de inicio




© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Receitario

*ENTRANTE*

## Piquiños recheos

Nivel de dificultade: 1 2 3

Nº pax: 8

**CANTIDADES E INGREDIENTES:**

- 24 und. **Pementos de piquiño**.
- 400 gr. Marisco cocido e triturado.
- 1 l. Leite.
- 80 gr. Manteiga.
- 80 gr. Fariña.
- c/s. Sal e pementa moída.
- 2 dl. Tomate fritido.
- 2 dl. Tona.
- c/s Perexil picado.

*c/s: cantidade suficiente*



**ELABORACIÓN:**

- Mesturar a tona e o tomate e ferver. Reservar.
- Derreter nunha tixola a manteiga e engadir a fariña. Botar o leite fervido e remover cun batedor ata que volva a chegar á ebullición. Sazonar e engadir a carne do marisco. Deixar ferver e botar perexil picado. Deixar arrefriar.
- Cunha culleriña reencher os pementos coa mestura.

**PRESENTACIÓN:**

- Quentar os pementos no forno e servir nun prato coa salsa do tomate

*SE ES MÁIS DE PEIXE...*

## Risoto de peixe

Nivel de dificultade: 1 2 3

Nº pax: 4

**CANTIDADES E INGREDIENTES:**

- 350 gr. Arroz.
- 2 und. **Toradas de peixe sen espiña**.
- 80 gr. Manteiga.
- 8 und. Langostinos.
- 8 und. Lascas de parmesano.
- 1 und. Vaso de bo viño branco.
- 1/2 und. Cebola.
- 25 gr. Parmesano recién relado.
- c/s Caldo de peixe.
- c/s Sal.
- c/s Azafrán en febras.

*c/s: cantidade suficiente*



**ELABORACIÓN:**

- Nunha cazola baixiña pór 50 gr. de manteiga e deixar fundir. Engadir a cebola cortada moi miúda e refogar ata vela transparente. Incorporar o arroz, refogar e engadir o viño branco. Continuar refogando, removendo sen parar ata que o líquido se consuma e engadir unhas febras de azafrán. Incorporar unha cunca de caldo de peixe e remover ata que se consuma o líquido. Pór unha segunda e así ata que adquira a textura desexada.
- Cando estea listo engadir o resto da manteiga, o parmesano relado e o peixe en anacos e remover.
- Facer na prancha os langostinos e reservar quentes.

**PRESENTACIÓN:**

- Facer co arroz un niño no centro do prato, pór enriba dous langostinos, o parmesano recién relado e espallar azafrán.

*SE PREFIRES CARNE...*

## Boliñas de arroz con polo e verduriñas salteadas

Nivel de dificultade: 1 2 3

Nº pax: 4

**CANTIDADES E INGREDIENTES:**

- 350 gr. **Arroz**.
- 100 gr. **Polo esmiuzado do arroz**.
- 100 gr. Queixo tipo mozzarela.
- c/s. Fariña, ovo e pan relado.

PARA A GORNICIÓN:

- 50 gr. Cenoira.
- 50 gr. Coliflor.
- 50 gr. Brécol.
- 50 gr. Cabaciña.
- c/s. Dentes de allo.

*c/s: cantidade suficiente*



**ELABORACIÓN:**

- Coas mans humedecidas, facer co arroz unhas bólas do tamaño dunha albóndega pequena, introducindo no centro anacos de polo e mozzarella picados. Para pechar a bóla, engadir máis arroz se fai falla de xeito que non se saia o recheo. Apertar coas mans para que quede unha bóla uniforme. Deixar repousar uns minutos, mentres se fan tódalas pezas.
- Empanar con fariña, ovo batido e pan relado as bolas. Fritir en abundante aceite ben quente, ata que queden douradas por fóra e o interior fundido.

**Para a gornición:**

- Cortar as verduras en dados pequenos. Cocer en auga a cenoira, a coliflor e o brécol ate que queden al dente. Unha vez cocidas introducilas nun recipiente con auga fría. Reservar.
- Picar finamente uns dentes de allo e dourar. Introducir as verduras e saltear.

**PRESENTACIÓN:**

- Colocar no prato unha capa de verduras e pór as boliñas enriba. Pódense comer frías.

*SOBREMESA*

## Xeado frito con froitos secos e sopa de iogur

Nivel de dificultade: 1 2 3

Nº pax: 4

**CANTIDADES E INGREDIENTES:**

- 4 unid. **Bolas de xeado ao gusto**.
- 50 gr. **Galletas tipo "María" trituradas ata facelas po.**
- 70 gr. **Froitos secos (noces, avelás, cacahuete, pistacho,... ou a mestura de varios).**
- 2 unid. Ovos.
- 3 unid. **Iogur natural**.
- c/s Reladura de pel de limón.
- 60 gr. Azucre.
- 30 gr. Auga.

*c/s: cantidade suficiente*



**ELABORACIÓN:**

**Para o xeado frito:**

- Facer as bolas de xeado grandes e meter ao conxelador. Unha vez estean ben duras, sacar do conxelador e pasalas polo po de galletas, despois por ovo (se non se pega ben ao ovo pasalas dúas ou tres veces por galletas e ovo) e ao final por froitos secos machucados ao gusto. Conxelar o máis rápido posible.

**Para a sopa de iogur:**

- Ferver o azucre coa auga e deixar templar. Cando estea morna a mestura, engadir ao iogur. Relar un pouco de pel de limón e incorporar batendo para que se rompa a textura do iogur. Conservar na neveira.

**ELABORACIÓN:**

- Pór nun prato sopeiro unha base de sopa de iogur e reservar.
- Pór aceite a quentar ao máximo en frixideira ou en tixola (sempre ten que cubrir o aceite a bola de xeado ao metela a fritir) e cando estea fumeante, meter o xeado sacado do conxelador. Cando empece a se dourar sacar a un papel secante e de seguido colocar no prato sobre a sopa de iogur. Servir inmediatamente.

SUBIR

Entrevistamos a...
Antonio Rivera López
Director del Centro Penitenciario de Monterroso

Mª José Cao e Mª José Castro
Responsables da Aula de Educación Medioambiental "Gaia" (Burela)

Mundo Sogama
Remata a segunda edición da campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Actualidade
Preto de 700 composteiros máis na provincia de Lugo

Aumentan un 150 por cento os materiais enviados a reciclaxe

Case o 85% das visitas apoian o traballo da Sociedade polo medio ambiente

Veciños de 34 concellos adheridos á autocompostaxe coñecen o complexo industrial

A CEL promove a formación ambiental entre os profesionais lucenses

Curso da UIMP sobre a xestión eficiente dos residuos

Multimedia

Eventos

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas · Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es